

# ACORDO C. DE FACENDA E A.P. – MEDIO RURAL XESTIÓN DE LISTAS

Santiago de Compostela 29/02/24

Mediante o [acordo publicado hoxe en DOG](#), encoméndase á Consellería do Medio Rural determinados actos de xestión das listas de contratación temporal de persoal laboral das categorías que se especifican no anexo I ou para o nomeamento de persoal interino de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes, reguladas no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, do persoal da Xunta de Galicia dedicado ás tarefas de prevención de incendios forestais.

A encomenda abranguerá as seguintes actuacións e terán o alcance que en cada caso se sinala:

- A organización e a realización da proba física á que deben someterse os distintos integrantes das listas.
- A realización dos chamamentos para a cobertura temporal dos distintos postos de traballo reservados ás categorías de persoal laboral dedicadas as tarefas de prevención de incendios forestais que constan no anexo I ou corpos ou escalas de persoal funcionario declaradas equivalentes no anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro. Para estes efectos utilizarase unha aplicación informática proporcionada pola Dirección Xeral da Función Pública cando este chamamento se realice dende a lista definitiva de admitidos

A encomenda terá un prazo de vixencia de dous anos a partir da súa publicación. Este prazo poderá ser prorrogado por igual período, por acordo expreso das partes que se publicará antes do remate do seu prazo de vixencia

## ANEXO I

Grupo	Categoría	Denominación
I	038	Técnico/a superior defensa contra incendios forestais
II	039	Técnico/a forestal defensa contra incendios forestais
III	100	Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada
IV	032	Operador/a codificador/a de datos de defensa contra incendios
IV	033	Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba
IV	037	Oficial/a 2ª mecánico máquinas defensa contra incendios forestais
V	10A	Vixilante móbil defensa contra incendios forestais
V	10B	Vixilante fixo/a de defensa contra incendios forestais
V	10C	Emisorista de defensa contra incendios forestais. escoita incendios
V	014	Bombeiro/a forestal
V	14A	Bombeiro/a forestal condutor/a

